



Na Atención Primaria está a solución á maioría dos teus problemas de Saúde



Para que isto sexa posible é necesario que dende os Centros de Saúde se poida ter acceso as exploracións e probas complementarias (radiografías, ecografías, etc.) que permitan facer o diagnóstico e seguimento das enfermidades.

Tamén é necesario ter un número de profesionais suficiente, que permita que cada profesional poda dedicar o tempo necesario a cada paciente.

E ademais é preciso organizar o traballo para que non se perda o tempo en tarefas burocráticas inútiles.

O Plan de Mellora de Atención Primaria naceu do acordo entre ás Organizacións Profesionais e Sindicais e a Administración para responder a estas necesidades e ofrecer un mellor servizo á Cidadanía

A Consellería de Sanidade, está a liquidar o Plan de Mellora de Atención Primaria



Utilizan o argumento de que non tiña orzamento. A realidade é que no orzamento do ano 2009 figuraban os cartos necesarios para ás 485 prazas que estaba previsto crear para a Atención Primaria. No ano 2010 non se crea ningunha, baixando o orzamento da Atención Primaria un 4,2% sobre o do 2009.

Rematar co Plan de Mellora supón botar por terra unha aposta clara por un tipo de Sanidade Pública, centrada nas necesidades dos usuarios e usuarias e na resposta mais próxima a esas necesidades, accedendo máis rápido ás probas diagnósticas e acurtando as listas de espera, xa que contemplaba un incremento da capacidade de resolución de problemas a este nivel, e un incremento dos servizos que se prestan: actividades preventivas, control de pacientes crónicos, atención a domicilio, cirurxía menor, control da anticoagulación oral (Sintrom), telemedicina, realización de retinografías, etc.

Por todo isto chamamos á cidadanía a defender aos seus Centros de Saúde, a defender o Plan de Mellora de Atención Primaria

CEMS-GALICIA, CIG-SAÚDE, UGT, CSIF, CCOO, AGAMFEC, AGAPAP, SEMERGEN, SEMG, FADSP.